



O teu Concello infórmate



O Alcalde na presentación da candidatura á Reserva Mundial da Biosfera.

Candidatura á Reserva Mundial da Biosfera «Mariñas Coruñesas e terras do Mandeo»

As Entidades Locais de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, **Paderne**, Sada, Sobrado dos Monxes, a Deputación Provincial de A Coruña e a Asociación de Desenvolvemento Rural «Mariñas-Betanzos», presentan unha **MOCIÓN INSTITUCIONAL** a fin de iniciar o proceso de declaración do Territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como **Reserva Mundial da Biosfera**, encomendando á Asociación de

Desenvolvemento Rural «Mariñas-Betanzos», o proceso de elaboración de candidatura e tramitación do expediente para acadar ese fin.

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) «Mariñas-Betanzos», ó que pertence o Concello de Paderne e do que o noso Alcalde é vicepresidente, contempla a figura de **Reserva da Biosfera**, como estratexia para o desenvolvemento socioeconómico sostible do territorio, pois permite avanzar no desenvolvemento das áreas rurais.

As Reservas da Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a conservación medioambiental e o desenvolvemento sostible e son froito dunha reflexión conxunta entre as Administracións e os distintos axentes do territorio compaxinando a propia identidade coa necesaria proxección de futuro. Un dos seus compromisos é o de buscar a calidade de vida sen comprometer ás xeracións futuras, deixando un territorio en mellores condicións que o recibido dos antepasados.

As funcións que deben cumprir as Reservas da Biosfera son as seguintes:

- Protexer e manter en bo estado os espazos naturais definidos como valiosos.
- Promover activamente un desenvolvemento económico e humano sostible.
- Desenvolver actividades de investigación, educación e formación sobre os recursos do territorio.

Esta candidatura é de especial importancia para o noso territorio dado que o recoñecemento internacional representa unha porta aberta a moitas oportunidades socioeconómicas, de incentivación e fortalecemento de iniciativas ligadas ó turismo, para a preservación e recuperación de prácticas tradicionais e do patrimonio histórico-cultural ademais de xerar oportunidades de formación e capacitación para a comunidade local, de cara á utilización sostible dos recursos naturais.

Festa de Nadal

Os nenos e nenas das Escolas de Educación Infantil de Paderne e os pequeniños de Preescolar na Casa, recibiron a visita de Papá Noel o pasado 21 de decembro nunha festa na que tamén tiveron a ocasión de divertirse cunha obra de títeres que o grupo Caramuxo Teatro representou para eles.

Este é un dos primeiros actos de Nadal no Concello, acto dedicado a perpetuar a ilusión dos máis pequeniños recollendo as cartas de todos eles para que a ningún lle falte un agasallo por estas datas.

Concerto de Nadal e Fin de Ano

O concerto de Nadal, celebrado este ano o día 22, e o de Fin de Ano, realizado o 29, están a formar parte da programación cultural que o Concello de Paderne ofrece ós seus habitantes por estas datas. A unión, no mesmo programa, de música clásica con pezas do repertorio popular e máis actual, están a ser unha boa combinación para que a xente de Paderne disfrute deles.

O Alcalde, que acompaña sempre ós asistentes en cada un dos concertos, reiterou os seus mellores desexos para estas datas tan entrañables.



Presentación do concerto de Fin de Ano



As Súas Maxestades na chegada á polideportiva municipal

Cabalgata de Reis

As Súas Maxestades de Oriente chegaron o pasado día 4 de xaneiro ó Concello de Paderne onde foron recibidos polo Alcalde cun acto que tivo lugar na Casa Consistorial ás 14:30 h, momentos antes de realizar o percorrido polas nove parroquias do Concello.

Nenos e maiores tiveron ocasión de contemplar a comitiva real mentres repartían golosinas e recollían as cartas daqueles que máis tarde non podían achegarse ata o pavillón polideportivo onde eran esperados ás 18:30 h.

Á súa entrada no pavillón eran recibidos novamente polo Alcalde que estaba acompañado, nesta ocasión, polo Equipo de Goberno e tódalas persoas que quixeron participar na festa de benvida na que, sobre todo os máis pequenos, disfrutaron ata a noite da maxia dun día de festa pensado para perpetuar a ilusión dos nosos nenos.

Aulas de Conciliación

Un total de 14 nenos e nenas participaron na nova edición das AULAS DE CONCILIACIÓN organizadas dende o Concello con motivo das vacacións de Nadal.

Este servizo especializado de atención a menores, naceu ante a demanda das familias, na que ambos pais traballan, de dispoñer un espazo no que deixar ós seus fillos e fillas durante os períodos vacacionais, no mesmo horario que o escolar, para así facilitar a conciliación laboral e familiar.

Excursión a Mondariz

Precisáronse tres autobuses para levar a tódalas persoas que quixeron visitar a localidade e ir a facer compras á feira que celebran os domingos polas mañás.

Despois de disfrutar dunha agradable comida da que todo o mundo saíu moi satisfeito, foise ata o Concello de Mondariz Balneario a visitar o complexo termal coas súas impresionantes construcións e o Gran Hotel.

Á hora da despedida a xente agradeceu ó Alcalde os esforzos por proporcionarlles estes agradables momentos con grandes aplausos que se repetían en cada un dos autobuses.



Parte do grupo mentres se visitaba Mondariz Balneario

Aprobación provisional da Ordenanza Reguladora da Corta Forestal e da Taxa por Depósito de Carga e Transporte de madeira de corta

O Concello de Paderne ten en trámite a aprobación dunha Ordenanza que regula e controla a explotación forestal dos montes do termo municipal, dada a importancia que esto representa desde o punto de vista industrial-madereiro e de protección paisaxística, ademais da obriga de contar cun mecanismo que vele pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal que poden ser obxecto de desperfectos por causa das operacións de planta e corta de madeira, evitando a destrución dos camiños públicos e o depósito de residuos das operacións dentro do dominio público.

Dita Ordenanza fixará a taxa por outorgamento de autorizacións para o depósito de carga e transporte de madeira de corte e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local viario durante as labores de corta, carga e transporte de madeira.

A partires da súa aprobación, non se poderá, dentro do termo municipal, realizar corta ou tala forestal algunha sen obter previamente a correspondente autorización do Concello, que será solicitada en modelo oficial nas oficinas municipais cunha antelación mínima de **un mes**.

Os responsables das cortas establecerán unha fianza, a favor do Concello, co obxecto de responder diante de posibles danos non reparados voluntariamente; a súa contía será fixada polo servizo técnico municipal. Poderá establecerse unha fianza única anual cando os responsables das cortas teñan en previsión a realización habitual ó longo do exercicio dos labores regulados na Ordenanza. En ningún caso se poderán realizar as operacións de corta se ter constituído previamente a fianza previa á entrega da autorización.

A fianza será reintegrada e/ou cancelada, previo informe dos servizos técnicos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que, de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles.

O responsable da corta responderá, diante do Concello, dos posibles danos ocasionados nas vías públicas municipais coma consecuencia do depósito e transporte de madeira, quedando na obriga da reparación das devanditas vías así como da limpeza de refugallos producidos nas operacións realizadas.

As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 48 horas a partires da retirada da madeira, ou en tres días cando coincida nunha fin de semana.

Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custos se non fosen totalmente cubertos pola fianza.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danos.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido un mes, a contar desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Plan Renove de fiestras

A Xunta de Galicia volveu a publicar unha nova convocatoria de axudas destinadas a rehabilitación de ventás e, por conseguinte, á mellora enerxética das edificacións.

Ditas axudas non poderán ser superiores ao 25 % do custo total da obra. O prazo de solicitude estará aberto ata o 29 de marzo de 2012 ou ata que se esgote o crédito.

As persoas do Concello de Paderne que desexen maior información, poden dirixirse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello en horario de mañá.

Programa para a Promoción do Emprego Autónomo

As persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores autónomos e os que realicen unha contratación indefinida durante o primeiro ano de actividades, poden dirixirse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Paderne para informarse dos tipos de axudas ós que poden acceder.

Ditas axudas están recollidas dentro do Programa para a promoción do emprego autónomo cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Recoñecemento de Competencias Profesionais

Realizouse a convocatoria pública do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral en determinadas unidades de competencia do catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Este procedemento ofrece unha oportunidade ás persoas non vinculadas aos sistemas educativos, que aprenderon a través da práctica profesional ou a través de cursos non oficiais, para que poidan demostrar os seus coñecementos e capacidades, mediante un proceso de asesoramento e avaliación cara a obter unha acreditación académica oficial, con validez nacional. As unidades de competencia profesional que se van a valorar son as de **operacións básicas de restaurante e bar e fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial**. O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o día 1 de marzo ata o día 31 do mesmo mes; os interesados en recibir maior información poden dirixirse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Paderne en horario de mañá.

Roteiros para a xuventude

O 17 de xaneiro abreuse o prazo para solicitar a participación no programa «Roteiros para a xuventude» da Dirección Xeral de Xuventude; consisten en saídas de fin de semana co obxecto de ofertar á xuventude novas experiencias e alternativas para o tempo libre nas que se combinan o lecer, o deporte e o coñecemento da nosa xeografía. Consta de dous programas de actividades en dúas localizacións xeográficas distintas; no Albergue Xuvenil de Gandarío, no concello de Bergondo e no Aeródromo da Fervenza-Pazos, no concello de Mazaricos.

Este programa, de mar e ar, vaise a desenvolver durante 8 fins de semana nos meses de febreiro e marzo desenvolvendo actividades que van desde o windsurf, navegación acruceiro, rappel, escalada en rocódromo, paintball, e kaiak entre outras. A cota de inscrición é de 80 euros agás os posuidores do Carné Xove que só pagan 60 euros.

Os interesados en recibir maior información sobre estes roteiros de inverno, poden dirixirse á Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Paderne en horario de mañá.

Proxecto Mandeo

O Concello de Paderne solicita á Deputación Provincial para incluír dentro do «Proyecto Mandeo-Puesta en Valor de las cuencas fluviales, 1ª Fase-Río Mandeo» a seguinte actuación cun orzamento de 119.117,70 euros:

«**Saneamento no lugar de San Mamede**». Trátase da instalación dun alcantarillado no citado lugar consistente na execución de zanxas, colocación de colectores, pozos de rexistro e instalación de decantadora dixestora.

Plan estratéxico de infraestructuras no Medio Rural (PEIM 2012)

Por medio deste Plan da Consellería do Medio Rural e do Mar o Concello vai realizar obras por un importe de 21.003,68 euros. Ditas obras consisten na mellora da pavimentación nas vías municipais na parroquia de Viñas:

- Camiño de Trasmil ao cemiterio
- Lambre ao Cruce do Valiño
- Montecelo a Veiga
- Praza de Montecelo a Ponte Lambre

Infraestructuras públicas no Ámbito Rural

O Concello ven de solicitar á Consellería de Presidencia unha subvención para a «adecuación da Praza de Viñas» por un importe de 5.192,16 euros de acordo coa Orde publicada pola citada consellería pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais.

Esta obra consiste na instalación e acondicionamento desta praza instalando varios aparatos de axuda á ximnasia para a xente maior constituíndo un parque biosaudable para os veciños da parroquia de Viñas.

POS 2012

No Pleno de data 28 de novembro de 2011, aprobouse a inclusión no Plan de Obras e Servizos 2012 (POS 2012) da Deputación de A Coruña a inclusión dos seguintes proxectos de obras así como a dedicación a gastos correntes do exercicio de 2012:

OBRA: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE VELOUZÁS E VILAMOUREL por un importe total de 58.014,09 euros:

VILAMOUREL: Estrada a Teixeiro

VELOUZÁS: Estrada Velouzás-Porto

«Costa-Velouzás»

FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES por un importe de 82.670 euros, dada a diminución de ingresos para o financiamento dos mesmos.

Enganches saneamento en Paderne e en Gas (Souto)

Rematada a primeira fase da obra do saneamento en Paderne así como en Gas (Souto), infórmase aos **veciños afectados** que en breves datas recibirán nos seus domicilios comunicación para poder solicitar nas oficinas municipais o correspondente enganche á rede de saneamento.

Excursión de «Paderne en Familia»

O vindeiro **19 de febreiro** o programa «Paderne en Familia» realizará unha nova excursión a terras ourensás. O destino será a localidade de **Verín**, onde nestas datas adquiriron moita relevancia as celebracións do Entroido ata o punto de ser declarada como festa de interese turístico nacional.

Será este domingo, día grande de Entroido, cando haberá o desfile de comparsas, carrozas e os famosos cigarróns polas principais rúas da vila.

Para desprazarnos a esta localidade debemos comezar o percorrido ás **7 da mañá** polas distintas parroquias. Poden asistir persoas de tódalas idades empadroadas no Concello de Paderne con un importe por persoa de 25 euros. Os interesados teñen ata o día 15 de febreiro para realizar a súa inscrición chamando por teléfono ou anotándose nas propias oficinas municipais.

Entroido en Paderne

O Concello de Paderne invita a tódalas persoas a participar coas súas comparsas e disfraces na **Festa do Entroido**. Será o mércores **22 de febreiro ás 8:30 da tarde** no campo de O Telleiro, preto da Casa do Concello. Ás nove da noite queimaremos o entroido e a súa morte será celebrada cunha sesión de fogos artificiais seguida da tradicional queimada. Haberá premios para os tres mellores, tanto na modalidade de grupo como en individuais. Como os nenos e nenas tamén soen participar desta festa, queremos reconocerlles o seu esforzo co premio ó mellor disfraz nesta categoría. En todo momento teremos música para divertirnos e bailar ata que nos cansemos.



Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten prevista a seguinte saída de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para o vindeiro venres 2 de marzo. Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h. Os interesados teñen ata o día 28 de febreiro para solicitar a súa participación. A seguinte cita será o 13 de abril podendo anotarse ata o día 10.

Día da Muller

O xoves 8 de marzo, «**Día Internacional da Muller**», o Concello de Paderne realiza un acto conmemorativo relacionado coa data. Será ás 20:00 h no Salón de Sesións da Casa do Concello ó que está invitadas tódalas persoas de Paderne. Ó remate do mesmo tomaremos uns pinchos e un viño da terra.

Aniversario do Centro de Maires

Con motivo do cuarto aniversario do Centro de Maires, o próximo día **14 de marzo** levarase a cabo unha xornada de convivencia entre os socios e socias. Comezaremos o día recollendo ós socios que queiran participar, polas distintas parroquias. Durante a mañá realizarase unha visita cultural para logo ir a comer á localidade de Cerceda e pasar alí unha divertida tarde de música e baile. O custo é de **25 euros**; as persoas interesadas en participar deben dirixirse ós socios colaboradores en cada parroquia, o propio Centro de Maires ou ben ós teléfonos do Concello antes do 7 de marzo.